



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Bartolo tiñ'onha filla
que lle chamaban Leonor;
un día estaba sentada
cosendo no corredor.

O corredor xa de vello
tiñ'aberturas no piso,
se debaixo se miraba
víasell'o paraíso.

Mais o pillo de Saturno,
qu'alí viu a Lionor,
marchou com'onha centella
pa baixo do corredor.

Al mirar hacia arriba,
cos olliños contemplaba,
as pernas de Lionor
nunha mesota sentada.

“Tapa as pernas, Lionor,
que, se non m'engaño, vexo,
por baixo desa mesota,
as orellas on conexo.”

Leonor toda asustada,
quixoas tapar de seguida
pescou un salto pa tras
caieu patas arriba.

“¡Condanado do Saturno,
quen che botará na cara
un bo chorro d'augha quente
pa qu'a vista che cansara.”

Saturno subiu pa riba
por aquela escaleira
acelerado de risa
pa xunto da custureira.



“Que non che pareza mal
porqu’as pernas che mirei,
xa sei que as tés ghordiñas,
contigo me casarei.”

Arraghlaron os papeles,
trataron o casamento,
dentro de moi poucos días
casáronse moi contentos.

Alá pola media noite
Leonor non decía nada
pero el xa dixo tan fresco:
“Vai o melro na niñada.”

Cando veu a media noite
Farruco ‘staba cansado,
quix’empeza-la faiena
e non daba terminado.

“Vaia por Dios, dixo ela,
xa non te manexas ben
cando hoxe fas así
qué farás pó mes que vén.”